

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 31 de outubro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 31 de outubro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuiña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35720.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2025.

2.35721.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+XUNTAS” 2026 (EXPTE. 2025060897).

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia; ambas normas determinan que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, así como eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes constitúese como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado español. Así mesmo, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.



No ámbito local, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, se establece como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo este ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a promoción da igualdade e a eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como a erradicación da violencia de xénero ao promover liñas de subvencións destinadas a realizar actividades e programas relacionados co impulso e co desenvolvemento de accións que fomenten o principio de igualdade entre mulleres e homes, de conformidade cos criterios de publicidade, concorrência e obxectividade.

Tendo en conta que a formación é un instrumento clave para avanzar cara á igualdade e para que esta sexa real e efectiva, a Deputación de Pontevedra pon en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Co programa “+Xuntas” tamén se pretende concienciar a cidadanía cara a un cambio de actitudes e ruptura de estereotipos ao promover a sensibilización na igualdade de xénero e a prevención da violencia machista.

Visto o informe favorable emitido o 22 de setembro de 2025 pola Secretaría Xeral, co CSV GVHDR8Q84M12OE4L, no que se reflicte que a posta en marcha desta liña de subvencións se entende dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento da igualdade e dos intereses xerais da provincia.

Visto que con data 16 de outubro de 2025, Intervención emite informe favorable á tramitación do presente expediente (CSV 1KGHHLHZYDG56FW), indicando que o importe deste programa, que ascende a 339.682,53 €, se afrontará con cargo á aplicación 26/250.2315.227.07, quedando condicionada a aprobación destas bases á aprobación definitiva do orzamento do ano 2026 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, ao tratarse dunha tramitación anticipada.

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Programa “+Xuntas” para o exercicio 2026 e a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.



Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar as bases reguladoras do Programa “+Xuntas” para o exercicio 2026, quedando esta aprobación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento deste organismo provincial para o ano 2026.

Estas bases figuran no expediente co CSV- 8FFFGLBXSMTU7S4 co seguinte teor literal.

PROGRAMA “+XUNTAS” 2026

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias en materia de igualdade, impulsa unha nova edición do programa “+Xuntas” como unha ferramenta esencial para avanzar cara a unha sociedade máis xusta e inclusiva a través da formación como pilar básico para garantir que a igualdade sexa real e efectiva, ofrecendo ás mulleres da provincia novas oportunidades para mellorar as súas condicións de vida, fortalecer o seu apoderamento e consolidar a súa autonomía persoal. A través deste programa preténdese tamén xerar espazos de encontro e colaboración que faciliten a creación de redes de apoio, a participación activa e a sororidade, favorecendo así a cohesión social e a superación do illamento, especialmente no ámbito rural.

Do mesmo xeito, “+Xuntas” aspira a fomentar a sensibilización da cidadanía en materia de igualdade de xénero, promovendo cambios de actitudes que contribúan a romper cos estereotipos e roles tradicionais. O programa busca ser, así, un instrumento de prevención fronte á violencia machista, poñendo o foco na formación e na creación de vínculos entre mulleres como motor de transformación social. Con esta iniciativa, a Deputación de Pontevedra reafirma o seu compromiso coa promoción da igualdade de oportunidades e co desenvolvemento de políticas públicas que dean resposta ás necesidades reais da poboación feminina da provincia. Desde o punto de vista competencial, a igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e no artigo 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, no que se determina que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, así como eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, constitúese como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito de todo o Estado español. Así mesmo, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Conforme ao anterior, a Deputación de Pontevedra pon en marcha unha nova edición do programa “+Xuntas”, co que se busca mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento. Ademais, preténdese concienciar a cidadanía cara a un cambio de actitudes e ruptura de estereotipos ao promover a sensibilización na igualdade de xénero e a prevención da violencia machista, especialmente entre a poboación rural.



Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria do programa “+Xuntas” 2026, a través do cal as entidades interesadas poderán seleccionar unha das accións formativas do catálogo ofertado.

Segunda. Finalidade

O programa “+Xuntas” ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Terceira. Réxime xurídico

O procedemento establecido para a concesión das accións formativas é o de concorrencia non competitiva, por esgotamento do crédito. A proposta de concesión formularaa o órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos para conceder a subvención, sen que sexa necesario comparar as solicitudes presentadas.

Se o orzamento asignado para esta convocatoria non fose suficiente para a asignación directa das peticións solicitadas, atenderase aos seguintes criterios automáticos de adxudicación:

- En primeiro lugar, terán prioridade as solicitudes realizadas por entidades de mulleres.*
- En segundo lugar, tramitaranse as solicitudes por orde de entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra.*

Cuarta. Entidades beneficiarias

Este programa está destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoien o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As entidades solicitantes deberán cumprir os requisitos previstos nesta convocatoria tendo en conta as instalacións e os equipamentos dos que dispón e as necesidades para cada acción formativa.

Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias aquelas nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. Alcance do programa

As entidades interesadas poderán escoller unha soa acción formativa do catálogo ofertado e aceptarán as obrigas que correspondan para cada unha delas; ademais, deberán cumprir o seguinte:

- Contar cunha sede ou un local de uso público na provincia de Pontevedra e unha aula adecuada para o desenvolvemento da acción formativa solicita (de non cumprirse, deberán escoller outro obradoiro)*
- Dispoñer do material necesario e dun acondicionamento mínimo (ver catálogo)*
- Ter coñecementos mínimos (ver catálogo)*



Aquelas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia que contén con máis dunha sede ou local na provincia poderán solicitar unha acción formativa por cada unha das súas localizacións.

Na elección da acción formativa deberán terse en conta as instalacións e os equipamentos dos que dispón a entidade e as súas características específicas, ademais do material que deberá levar o alumnado, segundo o recollido no catálogo para cada acción formativa.

A entidade proporcionará a súa sede ou un local de uso público para realizar o obradoiro. Este deberá contar cunha aula-obradoiro debidamente acondicionada, con espazo suficiente para desenvolver as actividades prácticas ou as tarefas manuais, ventilación natural, iluminación suficiente, electricidade e toma de auga. Esta aula deberá estar equipada, ademais, con mobiliario para as e os docentes e para as persoas participantes no obradoiro (mesas e cadeiras).

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento da actividade deberá comunicárselle inmediatamente ao Servizo de Igualdade da institución provincial para poder solucionala.

Os días da semana e datas preferentes sinaladas pola entidade no procedemento de solicitude terán carácter orientativo e non implican que a acción formativa se realice necesariamente nesas datas.

Unha vez concedida a acción formativa e establecida a data de inicio, a entidade solicitante deberá enviarlle a relación definitiva das persoas participantes á empresa adxudicataria, como mínimo unha semana antes do día de comezo marcado. Nesta relación figurarán os nomes e apelidos, o número de NIF e o teléfono de contacto de cada participante, co obxectivo de realizar a actividade.

Sexta. Condicións do programa

As accións formativas deberán estar abertas a toda a poboación da provincia de Pontevedra, aínda que as mulleres terán preferencia. En caso de quedaren prazas vacantes, poderán participar homes, ata un máximo do 25 % do total das prazas adxudicadas. As persoas participantes deberán ser maiores de idade ou, de maneira excepcional, maiores de 16 anos.

As accións formativas terán unha duración de 35 horas, repartidas en entre dúas e tres horas semanais, que se poderán incrementar ata un máximo de cinco de considerarse oportuno polo tipo de actividade que se vai desenvolver. Así mesmo, a entidade solicitante poderá escoller se estas se realizan no mesmo día ou en días alternos, segundo as necesidades das persoas participantes.

Nos contidos de todas as accións formativas deberá incluírse de forma transversal o tratamento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Ademais, impartirase un módulo de cinco horas de duración sobre sensibilización na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que se realizará como mínimo en dúas sesións.

Este módulo é obrigatorio, polo que quen non asista non recibirá o diploma. Ademais, penalizaranse aquelas entidades que se neguen a facelo e non poderán participar na vindeira edición do programa.

O número máximo de prazas por cada acción formativa establecerase no catálogo segundo a especialidade e poderá variar de entre vinte a vinte e cinco persoas. Para levar a cabo calquera acción formativa será necesario reunir un mínimo de doce; de non ser así, a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Igualdade do organismo provincial e valorar as opcións existentes antes de anular o curso.

En caso de que se queiran ampliar as prazas debido á elevada demanda, a entidade poderá solicitarllo á Deputación sempre que as instalacións e o tipo de obradoiro o permitan.

A institución provincial levará a cabo estas accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executar, coordinar e avaliar o programa. O desenvolvemento do programa quedará condicionado polo tanto á existencia dunha empresa adxudicataria para a execución do mesmo. Se esta adxudicación non se produce a tempo para poder desenvolver o programa anularanse os cursos.

Os obradoiros deberán realizarse durante o ano 2026.



Sétima. Presentación de solicitudes e prazo

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *NIF da persoa representante da entidade solicitante.*
- *Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, no caso de solicitar máis dunha actividade formativa.*

Se as persoas interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

Co obxectivo de comprobar os requisitos previstos na base cuarta, as entidades solicitantes que non sexan especificamente entidades de mulleres deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Estatutos da organización nos que se especifiquen os fins da entidade ou memoria das actividades realizadas en 2025 na que se detallen os traballos efectuados no eido da muller e en prol da igualdade asinada pola persoa representante da entidade. En caso de que algún dos documentos presentados de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.*

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.



Décimo primeira. Notificacións

As notificacións electrónicas practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> e directamente desde <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Obrigas das persoas participantes nas accións formativas

As persoas participantes en cada obradoiro deberán aboar a cantidade de sete (7) euros e serán responsables de levar os materiais esixidos, en caso de que fose preciso, para realizar a acción formativa escollida (ver catálogo). Esta cantidade non se lles devolverá a non ser que a baixa na acción formativa se produza por causas de forza maior.

O primeiro día a coordinadora ou coordinador da empresa adxudicataria encargarse de recoller o depósito dos cartos das persoas que fixesen a entrega previamente na entidade, así como de requirírllelo a aquelas que por diversos motivos non o realizasen con anterioridade. A todas elas entregaráselles o xustificante correspondente.

Unha vez comece o curso, cada persoa participante decidirá se quere ou non asinar a cesión de dereitos de imaxe que permite obter fotos durante a execución dos obradoiros para a difusión e a promoción do programa.

Cando remate a acción formativa entregaráselles un diploma acreditativo da boa execución e das horas de formación recibidas ás persoas participantes que cumprisen os requisitos de asistencia. Tamén pode entregarse ao finalizar o programa; neste caso realizarase unha clausura e entrega conxunta dos diplomas.

Para obter o diploma non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % das xustificadas.

Décimo terceira. Tramitación do procedemento

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Igualdade da Deputación, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, o cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases, así como cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución.

Décimo cuarta. Resolución da convocatoria

Unha vez instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación requirida, e logo da súa fiscalización pola área de Intervención, ditará a proposta de resolución, que será elevada á deputada delegada de Igualdade para a súa aprobación.

A resolución da convocatoria ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

Décimo quinta. Financiamento

A contía consignada para o programa “+Xuntas” 2026, que se regula nesta convocatoria, ascende para o ano 2026 a trescentos trinta e nove mil seiscientos oitenta e dous euros con cincuenta e tres céntimos (339.682,53), que quedarán condicionados á aprobación do correspondente orzamento xeral desa anualidade, con cargo á aplicación 26/250.2315.227.07 do Orzamento da Deputación.



A institución provincial establece a convocatoria das accións formativas do programa “+Xuntas” 2026, no marco de actividades para mulleres, e inicialmente oferta un total de 207, que poderá incrementarse con base no prezo definitivo da empresa adxudicataria.

No suposto de que as accións ofertadas nesta convocatoria non quedasen cubertas, o organismo provincial poderá abrir unha nova convocatoria.

Décimo sexta. Publicidade

As accións de promoción e os materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberán incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa, accesibles en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da Deputación de Pontevedra sexan visibles nos materiais necesarios para realizar a actividade obxecto de subvención.

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral, dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo oitava. Autorización para a difusión de imaxes

As entidades interesadas deberán habilitar mecanismos para que as persoas participantes poidan autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes que se poidan realizar nas diferentes accións formativas, que poderán ser obxecto de publicación por parte das entidades solicitantes ou da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026; este prazo poderá ampliarse para a súa adecuada execución.

Vixésima. Lexislación aplicable

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.*
- *Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.*
- *Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
- *Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.*
- *Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*



- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.*
- *Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Bases de execución do vixente Orzamento provincial.*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*

3.35722.- OUTORGAMENTO DA CONDICIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS. (EXPTE.2025050276).

Resultando que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 aprobou o programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a provincia de Pontevedra denominado “+EMPREGA” (acordo nº 8.34000).

Resultando que o mencionado programa presenta dous eixes de actuación, sendo o eixe 1, Impulso ao emprego, que contempla, entre outros, o proxecto “+Emprega nos concellos”.

Resultando que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025 aprobou, entre outros, o acordo (nº 8.35496) de aprobación das bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, do proxecto “+Emprega nos concellos 2025”, para financiar contratos formativos que foron publicadas no BOPPO nº 156 de 19 de agosto de 2025.

Resultando que finalizado o prazo de presentación de solicitudes resulta que todas as solicitudes recibidas presentadas en prazo, que ascenden a 33 cun total de 72 contratos formativos, cumpren os requisitos esixidos nas bases para obter a condición de entidades colaboradoras.

Considerando que a instrución do procedemento realizouse de conformidade co previsto nas bases do citado proxecto e en concordancia co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

En virtude de iso, vistas todas as solicitudes presentadas e visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego de data 8 de outubro de 2025 que di: “(...) *A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo que deberá ser por un período máximo dun ano a tempo completo e na base segunda que “(...) O salario non poderá ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, poderá ser inferior ao SMI vixente. (...).*



“A contía máxima das subvención que se concederán por cada contrato formativo segundo o nivel de estudos serán as seguintes:

<i>Nivel de estudos</i>	<i>Importe máximo mensual</i>	<i>Importe máximo anual da subvención</i>
<i>Licenciatura, grao ou diplomatura</i>	<i>1.400,00 €/mes</i>	<i>16.800,00 €</i>
<i>Ciclo superior de formación profesional</i>	<i>1.200,00 €/mes</i>	<i>14.400,00 €</i>
<i>Ciclo medio de formación profesional</i>	<i>1.000,00 €/mes</i>	<i>12.000,00 €</i>

(...) O salario non poderá ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, poderá ser inferior ao SMI vixente.

As entidades colaboradoras deberán completar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios anteriormente indicados asumindo o custo total da Seguridade Social e demais conceptos salariais que poidan derivar da relación contractual con cada persoa traballadora baixo a modalidade de contrato formativo.”

Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da intervención, favorable respecto do informe do xefe do servizo de Promoción de Emprego de data 27 de outubro de 2025.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e de conformidade co establecido nas bases do proxecto “+Emprega no concellos 2025”, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación concordante de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Outorgar aos concellos solicitantes a condición de entidades colaboradoras que se relacionan no Anexo I xunto co número de contratos, nivel de estudos solicitado, a duración e a contía de subvención.
O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e os contratos deberán comezar o 15 de xaneiro de 2026 .
Transcorrido o prazo de 10 días, contados desde o día seguinte á publicación no BOPPO, sen que se producise manifestación expresa da aceptación por parte das entidades beneficiarias entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
2. Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 240.2410.489.00 do orzamento da Deputación de Pontevedra do exercicio do 2026 tramitándose como expediente anticipado de gasto, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da institución provincial para o citado exercicio polo importe de 1.137.600,00 € para os concellos que figuran como entidades colaboradoras seleccionadas e na contía que se relaciona no Anexo I.
3. Publicar o acordo no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.



**ANEXO I. RELACIÓN DE CONCELLOS SELECCIONADOS COMO ENTIDADES
COLABORADORAS NO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”**

Cód. expediente	NIF/CIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Máx subvencionado	Duración máx
2025062974	P3600900I	A CAÑIZA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025062975	P3600900I	A CAÑIZA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025062979	P3602300J	A GUARDA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025062977	P3602300J	A GUARDA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025062981	P3602300J	A GUARDA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025062983	P8600004I	A ILLA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025062982	P8600004I	A ILLA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025062996	P3600200D	BARRO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063217	P3600400J	BUEU	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063216	P3600400J	BUEU	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063215	P3600400J	BUEU	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063242	P3600500G	CALDAS DE REIS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063244	P3600500G	CALDAS DE REIS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063000	P3600800A	CANGAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025062998	P3600800A	CANGAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025062999	P3600800A	CANGAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063004	P3601000G	CATOIRA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063003	P3601000G	CATOIRA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063014	P3601300A	COVELO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063259	P3601400I	CRECENTE	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063021	P3602600C	MARÍN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano



Cód. expediente	NIF/CIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Máx subvencionado	Duración máx
2025063018	P3602600C	MARÍN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063016	P3602600C	MARÍN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063022	P3602700A	MEAÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063023	P3602700A	MEAÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063025	P3602900G	MOAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063024	P3602900G	MOAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063026	P3602900G	MOAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063255	P3603100C	MONDARIZ BALNEARIO	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000,00 €	12.000,00 €	1 ano
2025063032	P3603200A	MORAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063033	P3603200A	MORAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063028	P3603500D	NIGRAN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063029	P3603500D	NIGRAN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063030	P3603500D	NIGRAN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063203	P3603900F	O PORRIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063205	P3603900F	O PORRIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063206	P3603900F	O PORRIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063209	P3604800G	O ROSAL	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063208	P3604800G	O ROSAL	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063157	P3604200J	PONTEAREAS	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000,00 €	12.000,00 €	1 ano
2025063155	P3604200J	PONTEAREAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063156	P3604200J	PONTEAREAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063160	P3604000D	PORTAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063161	P3604500C	REDONDELA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063163	P3604500C	REDONDELA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano



Cód. expediente	NIF/CIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Máx subvencionado	Duración máx
2025063164	P3604600A	RIBADUMIA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063165	P3604600A	RIBADUMIA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063245	P3604700I	RODEIRO	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063168	P3605000C	SALVATERRA DO MIÑO	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063167	P3605000C	SALVATERRA DO MIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063166	P3605000C	SALVATERRA DO MIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063171	P3605100A	SANXENXO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063169	P3605100A	SANXENXO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063172	P3605100A	SANXENXO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063246	P3605200I	SILLEDA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063248	P3605200I	SILLEDA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063175	P3605300G	SOUTOMAIOR	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063173	P3605300G	SOUTOMAIOR	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063179	P3605400E	TOMIÑO	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063177	P3605400E	TOMIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063178	P3605400E	TOMIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063193	P3605600J	VALGA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063192	P3605600J	VALGA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063211	P3605900D	VILA DE CRUCES	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063194	P3605800F	VILABOA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063196	P3605800F	VILABOA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano
2025063199	P3606000B	VILAGARCIA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063200	P3606000B	VILAGARCIA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063198	P3606000B	VILAGARCIA DE AROUSA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	16.800,00 €	1 ano



Cód. expediente	NIF/CIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Máx subvencionado	Duración máx
2025063253	P3606100J	VILANOVA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063249	P3606100J	VILANOVA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
2025063251	P3606100J	VILANOVA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	14.400,00 €	1 ano
TOTAL						1.137.600,00 €	

4.35723.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.(B-70072905), PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO EDUCATIVA DO PROGRAMA CAMPAMENTOS A LANZADA. (EXPTE. 2024044335).

Na sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de *Servizo de asistencia técnico educativa do programa Campamentos a Lanzada* á empresa Golfinho Xestión de Ocio S.L. (B70072905) polos seguintes prezos e valores ofertados:

Importe sen o IVE	248.669,40 €
IVE (10%):	24.866,94 €
Importe total ofertado	273.536,34 €

- Incremento do número de actividades en lingua inglesa (3) e actividades científicas (3).
- Ter superado o 50% dos créditos ETC o título en unha carreira STEM por unha das persoas monitoras adscritas ao equipo que posúa formación científica: Si.
- Acreditar a formación específica en materia de igualdade de xénero e/ou diversidade por unha das persoas adscritas ao equipo: Curso oficial de máis de 120 horas. (x)

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 17 de marzo de 2025 e o prazo de duración establécese desde a data de sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2025, establecéndose a posibilidade de tres prórrogas anuais.

Con data 7 de outubro de 2025 a Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.



Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 1 de outubro de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 16 de outubro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 12025000191455, polo importe de 273.536,34 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.3370.227.20, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 21 de outubro do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Servizo de asistencia técnico educativa do programa Campamentos a Lanzada”, por 1 ano, desde 01/01/2026 ao 31/12/2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31/12/2025. ”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato do servizo “*Servizo de asistencia técnico educativa do programa Campamentos a Lanzada*” subscrito coa empresa Golfinho Xestión de Ocio S.L. (B70072905), durante o período 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

O importe do gasto (273.536,34 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.3370.227.20.

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2026 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



5.35724.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.U. (B-36926640), PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA DA SAÚDE CUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2023028070).

Na sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación*, á empresa Taprega Prevención de Riesgos SL (B36926640) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.- Prezo ofertado por cada recoñecemento médico (exento IVE): Importe ofertado: 43,00 €.

2.- Prezo mensual ofertado en asesoramento en medicina do traballo e formación:

Importe ofertado mensual (sen IVE)	255,33 €/mes
IVE (21%)	53,61 €/mes
Importe ofertado mensual (IVE engadido)	308,94 €/mes

3.- Prazo de redución ofertado para a realización dos recoñecementos médicos desde a petición por parte da Deputación sobre o prazo máximo de 15 días hábiles: 10 días hábiles.

4.- Unidades básicas de saúde, dotadas cos requisitos básicos (segundo o establecido nos pregos), ofertadas nas seguintes localidades da provincia: O Porriño, Lalín, A Estrada e Cambados.

5.- Oferta da realización de tres edicións da acción formativa “Curso para o lombo”, de polo menos 4 horas de duración:

6.- Prazo ofertado de redución para o envío dos resultados dos recoñecementos médicos á Deputación e á traballadora ou traballador sobre o máximo que é de 7 días hábiles: 5 días hábiles

7.- Oferta da realización de mamografías cando na revisión xinecolóxica se sospeite dalgún fibroma, adenoma ou neo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 31 de outubro de 2023 e o prazo de duración é de dous anos desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025.

Con data 15 de outubro de 2025 a Xefa de Inspección Médica e do Servizo de Prevención, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de dous anos, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2027.



Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 16 de outubro de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 21 de outubro do 2025, a Intervención emitiu os seguintes documentos de retención de crédito para exercicios futuros co número de operación 12025000194417, polo importe de 51.007,39 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/929.9200.227.03, e número de operación 12025000194418, polo importe de 51.007,39 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 27/929.9200.227.03 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante os anos 2026 e 2027.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 24 de outubro do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra”, por 2 anos, desde 01/01/2026 ao 31/12/2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31/12/2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato do *“Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra”* subscrito coa empresa Taprega Prevención de Riesgos SL (B36926640), durante o período do 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2027, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto (102.014,78 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	26/929.9200.22703	51.007,39 €
2027	27/929.9200.22703	51.007,39 €

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2026 e 2027 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

6.35725.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO NÚMERO 21/2023, FORMALIZADO COA EMPRESA MOEVE, S.A. (A-28003119), PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVIZO. (EXPTE. 2024064885).

Na sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato baseado no AM 21/2023 Contratación Centralizada: Subministración de combustibles en estacións de servizo mediante Central de Contratación do Estado á empresa COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA) (A28003119) polos seguintes prezos e valores ofertados:

– Porcentaxe de desconto sobre o PAI: 11,75%

Criterio	Nº puntos de subministración
Número total de puntos de subministración nas localidades do Anexo I	6

O prazo de duración do contrato é desde o 1 de decembro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025, con posibilidade dunha prórroga de 11 meses.

Acordase a addenda ó contrato do Acordo marco de subministración de combustibles en estaciones de servizo, motivada polo cambio de razón social da Compañía Española de Petróleos, S.A., (NIF A28003119), pasando a denominarse MOEVE, S.A., (NIF A28003119).

Con data 9 de outubro de 2025 o Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de once meses, con efectos de 1 de xaneiro de 2026 ata o 30 de novembro de 2026.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.



Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 3 de outubro de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta a reorganización interna da asignación dos vehículos, é necesario facer unha redistribución orzamentaria para a prórroga, conforme os seguintes detalles:

- Suprimir as aplicacións orzamentarias dos seguintes Servizos, que deixan de ter vehículos asignados: Comunicación Institucional, Novas Tecnoloxías e ORAL.
- Diminuír as aplicacións orzamentarias dos seguintes servizos que pasan a xestionar un número menor de vehículos: Centro Príncipe Felipe, Cooperación e Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Incluír a aplicación orzamentaria do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio como órgano xestor dos vehículos que se lle adscriben

Tendo en conta que, con data 17 de outubro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros, polo importe de 338.242,96 euros, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026, mediante os documentos RCFUT(2026) seguintes:

CENTRO XESTOR	RCFUT(2026)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
Patrimonio Documental e Bibliográfico	12025000193553	26/332.3322.221.03	590,04€
Centro Príncipe Felipe	12025000193555	26/232.2312.221.03	31.539,20€
Cooperación	12025000193556	26/942.4330.221.03	1.833,34€
E.F. Areeiro	12025000193557	26/413.4123.221.03	4.967,51€
Finca Mouriscade	12025000193560	26/410.4120.221.03	4.280,47€
Infraestruturas e Vías Provinciais	12025000193561	26/456.4530.221.03	161.646,07€
Medio Ambiente	12025000193562	26/410.4100.221.03	8.418,03€
Parque Móbil	12025000193564	26/920.9200.221.03	94.398,33€
SAIM	12025000193565	26/923.1623.221.03	15.445,83€
Xuventude e Reto Demográfico	12025000193566	26/233.3370.221.03	4.497,99€
Museo de Pontevedra	12025000193569	26/333.3330.221.03	1.642,81€
Contratación, Facenda e Patrimonio	12025000193592	26/922.9200.221.03	8.983,34€
Total			338.242,96€

Quedando condicionado o gasto á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, as indicadas no cadro que antecede.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 23 de outubro do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do Contrato baseado no Acordo Marco 21/2023 para a subministración de combustibles en estacións de servizo da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, por 11 meses, desde 01/01/2026 ao 30/11/2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo e redistribución orzamentaria é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31/12/2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar a primeira prórroga do Contrato baseado no AM 21/2023 Contratación Centralizada “Subministración de combustibles en estacións de servizo mediante Central de Contratación do Estado” subscrito coa empresa MOEVE, S.A., (NIF A28003119), anteriormente Compañía Española de Petróleos, S.A., (NIF A28003119), durante o período do 1 de xaneiro de 2026 ata o 30 de novembro de 2026, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (338.242,96 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDADE	CENTRO XESTOR	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	Importe total (IVE incluído)
2026	PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	26/332.3322.221.03	590,04 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	26/232.2312.221.03	31.539,20 €
	COOPERACION	26/942.4330.221.03	1.833,34 €
	E.F. AREEIRO	26/413.4123.221.03	4.967,51 €
	FINCA MOURISCADE	26/411.4120.221.03	4.280,47 €
	INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	26/456.4530.221.03	161.646,07 €
	MEDIO AMBIENTE	26/410.4100.221.03	8.418,03 €
	PARQUE MÓBIL	26/920.9200.221.03	94.398,33 €
	SAIM	26/923.1623.221.03	15.445,83 €
	XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	26/233.3370.221.03	4.497,99 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	26/333.3330.221.03	1.642,81 €
	CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO	26/922.9200.221.03	8.983,34 €



O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2026 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

7.35726.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0004 MARCÓN-PINTOS-A REIGOSA, DENDE O P.Q. 3+300 AO P.Q. 4+200 (CONCELLOS DE PONTEVEDRA E PONTE CALDELAS)". (EXPTE. 2025056883).

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 0004 Marcon-Pintos-A Reigosa que percorre os termos municipais de Pontevedra e Ponte Caldelas pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 4.202 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a mellora do firme nun tramo de 900 metros, entre os P.Q. 3+300 ao 4+200, dita actuación comezase por unha limpeza e reperfilado das cunetas existentes, seguidamente naquelas zonas con maior deterioro no firme realizarase un saneo mediante a eliminación do paquete completo de firme con posterior reposición do mesmo mediante a execución dunha primeira capa de subbase de rachón de 25cm, seguida dunha capa de saburra artificial cun espesor de 25cm. Posteriormente executarase un rego de imprimación seguido da execución dunha capa de mestura bituminosa en quente AC-22 SURF 50/70 S de 5 cm de espesor.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Belén Pampín Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas), cun orzamento base de licitación de 274.633,93 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: FMH6XXCICRC5G5XJ



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Turismo, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)”

Resultando.- Que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria proposta 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto nº 2025056883, existe crédito retido por importe de 274.633,93 € mediante documento RC nº 12025000167735.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 3 de outubro de 2025 acordou aprobar o proxecto de para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)” redactado por Belén Pampín Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, cun orzamento base de licitación de 274.633,93 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: FMH6XXCICRC5G5XJ.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 7FP5V73RTFZ0BADV informe do Secretario Xeral da Deputación no que se recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos art. 122 da LCSP e 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, informándose o expediente de xeito favorable...*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: KFJBTKO1NICBDG3C informe de fiscalización do expediente no que se recolle o seguinte: “...*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.*

CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)*” cun orzamento base de licitación de 274.633,93 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	226.970,19 €
IVE (21%).....	47.633,74 €
Importe Total.....	274.933,93 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): MJGZGXPVWUJD7MCX, e de prescricións técnicas con código (CSV) FMH6XXCICRC5G5XJ, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 274.633,93 €, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



8.35727.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9302 XIL-AS COVAS-BARRANTES (CONCELLOS DE MEAÑO E RIBADUMIA)". (EXPTE.2024069327).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21 de marzo de 2025 acordou adxudicar á empresa Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L., (CIF B36533537) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)" por un importe de 1.136.031,94 € IVE incluído.e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que Con data 28/04/2025 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 28/10/2025.

Resultando.- Que con data 21/10/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025072704), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo de execución de TRES (3) MESES, motivada polas seguintes causas:

- No ámbito das obras faise necesario realizar previamente diversas actuacións consistentes na execución de cruces de canalizacións de auga potable, debendo ser executadas por terceiros. Estas actuacións executáronse en agosto de 2025. A non finalización destes traballos, impediu seguir co resto das unidades pendentes de execución.
- Non se executaron as unidades de pavimentación para non interferir cos traballos de vendimia.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: 1ORQK8CV0OPW3FRC informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: "...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES, ata o 28 de xaneiro de 2026. [...]. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) GTGMXCOX1AXWI8VX no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en TRES (3) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 28/01/2026.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: "...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva..."

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: "...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de



contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Conceder á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. unha ampliación de prazo de TRES (3) MESES, na execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 28/01/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

9.35728.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESERGUI DISTESER, S.L. (B-95.799.664), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B E C PARA A MAQUINARIA E OS CENTROS DA DEPUTACIÓN LOTE NÚMERO 1”. (EXPTE. 2023019575) (DEVOGARÁN 2025067159).

Por acordo, número 2.32796, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 30 de xuño do ano 2023 (CSV.- 3ND99W6GI65NLL4E), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra”. (Exppte. 2023019575)

Para responder da correcta execución do lote número 1 do que estivo composto este contrato, a entidade mercantil ESERGUI DISTESER, S.L., constituíu na Tesourería desta Deputación a garantía definitiva equivalente ao 5% do prezo de adxudicación de dito lote, que foi a seguinte:

Empresa	Lote	Importe	Carta de Pago	Data
ESERGUI DISTESER, S.L. (B-95.799.664)	1	808,25€	20230012246 6	15/06/202 3

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- TD5LJIX09B380XKM), no cal sinala que “(...) *Finalizado o contrato referido obsérvase que os servizos beneficiarios deste contrato de subministros non comunicaron ningún vicio ou defecto nas súa realización, nin na calidade dos obxectos aos que fai referencia o contrato (...) o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte dos adxudicatarios dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devoltas xustificadamente (...)*”.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 0XM2T8D5VSYDGPOR), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte das entidades adxudicatarias, das garantías definitivas depositadas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de: Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte. 2023019575).

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola empresa Esergui Disteser, S.L. (CIF.- B-95.799.664), adxudicataria do lote número 1 que compuxo dito contrato, que foi a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de oitocentos oito euros con vinte e cinco céntimos (808,25 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/06/2023, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202300122466 (Nº de operación 12024000033324).

10.35729.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A "SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B E C PARA A MAQUINARIA E OS CENTROS DA DEPUTACIÓN LOTE NÚMERO 2". (EXPTE. 2023019575) (DEVOGARÁN 2025067159).

Por acordo, número 2.32796, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 30 de xuño do ano 2023 (CSV.- 3ND99W6GI65NLL4E), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra”. (Expte. 2023019575)

Para responder da correcta execución do lote número 2 do que estivo composto este contrato, a entidade mercantil GASÓLEOS AMIGO, S.L., constituíu na Tesourería desta Deputación a garantía definitiva equivalente ao 5% do prezo de adxudicación de dito lote, que foi a seguinte:

Empresa	Lote	Importe	Carta de Pago	Data
GASÓLEOS AMIGO, S.L.	2	2.373,50€	202300125082	21/06/2023



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- TD5LJIX09B380XKM), no cal sinala que “(...) *Finalizado o contrato referido obsérvase que os servizos beneficiarios deste contrato de subministros non comunicaron ningún vicio ou defecto nas súa realización, nin na calidade dos obxectos aos que fai referencia o contrato (...) o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte dos adxudicatarios dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devoltas xustificadamente (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 44QFY8RX8RQG2KO5), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte das entidades adxudicatarias, das garantías definitivas depositadas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de: Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte. 2023019575).
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola empresa Gasóleos Amigo, S.L. (CIF.- B-36.736.049), adxudicataria do lote número 2 que compuxo dito contrato, que foi a seguinte:
 - o A constituída en metálico, por importe de dous mil trescentos setenta e tres euros con cincuenta céntimos (2.373,50 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/06/2023, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202300125082 (Nº de operación 12024000030820).

11.35730.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA UNIPUBLIC, S.A. (A-28.406.775), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “PATROCINIO PUBLICITARIO, POR PARTE DA DEPUTACIÓN, DA SAÍDA E CHEGADA DA ETAPA 16ª DA VOLTA CICLISTA 2025”. (EXPTE. 2025007995) (DEVOGARÁN 2025068208).

Por acordo, número 13.35321, adoptado pola da Xunta de Goberno celebrada en sesión ordinaria, de data 06 de xuño de 2025 (CSV.- 32RV5IOH7T987H8O), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade o “*Servizo de patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 16ª da Volta Ciclista 2025*”. (Núm. Expte. 2022066946)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *UNIPUBLIC, S.A.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
UNIPUBLIC, S.A. (A-28.406.775)	5.785,12€	12025000100705	26/05/2025

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Turismo Rías Baixas (CSV.- G003NXT6MQ0CCU0Y), no cal sinala que “(...) *a empresa UNIPUBLIC, S.A., cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que segundo dispón o artigo 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público procede a devolución da garantía definitiva.*” (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 7H0XVC3T8PY3QMGD), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil UNIPUBLIC, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “Servizo de patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 16ª da Volta Ciclista 2025” (Núm. Expte. 2022007995), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil Unipublic, S.A. (A-28.406.775), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

o A constituída, en metálico, por importe de cinco mil setecentos oitenta e cinco euros con doce céntimos (5.785,12 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 26/05/2025, segundo orde e constitución de valores *número 12025000100705*.



12.35731.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2025068812, 2025069711 E 2025069988).

a) Vista a relación de operacións con número 2025068812 (CSV: 6CMZRCXRCV5BUNHF), que contén 12 operacións por un importe de 44.297,63€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	44.297,63€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido	44.297,63€

b) Vista a relación de operacións con número 2025069711 (CSV: 7UB1AINI2VX2L5FS), que contén 2 operacións por un importe de 229,08€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	229,08€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido	229,08€

c) Vista a relación de operacións con número 2025069988 (CSV: 7C1DEJEDAUAQ1L47), que contén 1 operación por un importe de 92,23 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	92,23 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido	92,23 €



13.35732.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE AXUDAS A ESCOLAS DE MÚSICA
DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O
ANO 2025. (EXPTE. 2025004265).

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo, o expediente relativo á “*Aprobación da concesión de axudas a escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2025. (Exppte. 2025004265)*”.

14.35733.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS
SUBVENCION S DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN
COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025.
(PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025). (EXPTE.2024079739).

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Co obxecto de ampliar o prazo para a execución e xustificación das actuacións ao abeiro do Plan provincia comunitaria 2025, o xefe do Servizo de Cooperación emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan provincia comunitaria 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 17/03/2025 e nese prazo, un total de 300 asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños ou asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra presentaron as correspondentes solicitudes.

Terceiro.- Posteriormente procedeuse a requirirrlle as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños ou asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra a emenda dos erros, defectos ou omisións emendables detectados nas súas solicitudes, segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª.

Cuarto.- De acordo coa base 13ª, reguladora de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan provincia comunitaria 2025), actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 31 de decembro de 2025 e xustificadas, a máis tardar, o 31 de marzo de 2026.

Quinto.- Polo que, tendo en conta a complexidade que comportou para asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños ou asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra a preparación de toda a documentación válida para a concesión das subvencións, sendo isto un impedimento que dificultou o cumprimento dos prazos. E comprobado que este programa esperta un extraordinario grao de interese, tal e como amosa a elevada demanda rexistrada que superou amplamente as previsións máis optimistas e dificultou a planificación inicial dos medios técnicos e humanos necesarios para a súa xestión.

Sexto.- Considérase necesario ampliar o prazo previsto na base 13ª, reguladora de subvencións do programa de axudas a as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños ou asociacións de mulleres rurais (Plan provincia comunitaria 2025) en SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas quedando excluída calquera outra ampliación de prazo.



II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan provincia comunitaria 2025).

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

Competencia:

- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

III.- CONCLUSIONES:

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan provincia comunitaria 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas, en concreto, para sufragar os gastos derivados de investimentos realizados polas asociacións da provincia de Pontevedra.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución e xustificación do citado Plan provincia comunitaria 2025 é necesario a ampliación do prazo máximo de SEIS MESES (6), quedando establecida esta data máxima para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas en SEIS MESES (6) dende a data de concesión da axuda. Quedando excluída calquera outra ampliación de prazos.

A solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos e non constitúe un prexuízo a terceiros.

Polo exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución e xustificación das actuacións Plan provincia comunitaria 2025 conforme ao descrito previamente.



IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

*O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 27/10/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o prazo previsto na base 13^a, reguladora de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan provincia comunitaria 2025) quedando establecido en SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas quedando excluída calquera outra ampliación de prazo.
2. Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

15.35734.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025. (PROGRAMA +AQUA 2025) (EXPTE.2024079743).

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 17/03/2025 e nese prazo, un total de 370 comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra presentaron as correspondentes solicitudes.

Terceiro.- Posteriormente procedeuse a requirir ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra a emenda dos erros, defectos ou omisións emendables detectados nas súas solicitudes, segundo o previsto nas bases 7^a e 10^a.

Cuarto.- De acordo coa base 13^a, reguladora de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da



provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025), actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 31 de decembro de 2025 e xustificadas, a máis tardar, o 31 de marzo de 2026. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente, non sendo posible a concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 1 de novembro de 2025.

Quinto.- Non obstante, tal e como se recolle no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias aconsellán e con iso non se prexudican dereitos de terceiro.

Sexto.- Polo que, tendo en conta a complexidade que comportou para as comunidades de usuarios de augas a preparación de toda a documentación válida para a concesión das subvencións, sendo isto un impedimento que dificultou o cumprimento dos prazos. E comprobado que este programa esperta un extraordinario grao de interese, tal e como amosa a elevada demanda rexistrada que superou amplamente as previsións máis optimistas e dificultou a planificación inicial dos medios técnicos e humanos necesarios para a súa xestión.

Sétimo.- Considérase necesario ampliar os prazos previstos na base 13ª, reguladora de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025) en SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas quedando excluída calquera outra ampliación de prazo. Así como ampliar o prazo da concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 1 de novembro de 2025, que se amplía ata o 31 de decembro de 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- As medidas adoptadas no marco do programa +AQUA 2025 da provincia de Pontevedra para o ano 2025 preténdese que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e estimular a cohesión territorial, a sustentabilidade ambiental e a habitabilidade humana, desde un enfoque centrado, por primeira vez, nos obxectivos do reto demográfico.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste senso, á Deputación correspóndelle, na medida das súas posibilidades, remover os obstáculos que supoñen as limitacións orzamentarias poden o respecto e cumprimento dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

3º.- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.

4º.- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



5º.- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*

Por tanto, procede propoñer unha modificación parcial das bases reguladoras do programa +AQUA 2025 da provincia de Pontevedra para o ano 2025 co fin de ampliar en SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas. Así mesmo, o prazo de concesión das solicitudes en lista de agarda, ata o día 31 de decembro de 2025.

6º.- *As modificacións propostas non constitúen unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis. Supoñen unhas medidas eficaces e proporcionais para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpren coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.*

7º.- *Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.*

Ademais, estas modificacións non supoñen a vulneración dos principios da concorrència competitiva, non se alteran os prazos do programa debido a que non se abre un novo período de presentación de solicitudes e polo tanto non supoñen prexuízos a terceiros, estimándose que con esta medida se contribuirá a optimizar o logro dos obxectivos e finalidades do plan.

8º.- *Para a modificación das bases, en virtude do disposto na base terceira das mesmas será a Xunta de Goberno da Deputación o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.*

CONCLUSIÓN:

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución e xustificación do citado Programa +AQUA 2025 é necesario ampliar en SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión para a execución das actuacións e a xustificación das mesmas e ata o 31 de decembro de 2025 o prazo máximo de concesión das solicitudes en lista de agarda. A concesión da ampliación dos prazos descritos non constitúe un prexuízo a terceiros e cómpre sinalar que a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos.

En consecuencia, proponse modificar a base décimo terceira de maneira que onde di:

“As actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 31 de decembro de 2025 e xustificadas, a máis tardar, o 31 de marzo de 2026. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente, non sendo posible a concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 1 de novembro de 2025.”



Quedaré redactada co seguinte teor literal:

“As actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade no prazo máximo de SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente, non sendo posible a concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 31 de decembro de 2025.”

O resto do texto das bases e convocatoria permanecerán igual.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

O Xefe do servizo de Cooperación,

Marcos Areán González”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 27/10/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a modificación da base décimo terceira do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025) – Expediente: 2024079743 da maneira que segue:

“As actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade no prazo máximo de SEIS MESES (6) dende a data de resolución de concesión. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente, non sendo posible a concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 31 de decembro de 2025”.

2. Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>

16.35735.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA CUARTA ADXUDICACIÓN DUN OBRADOIRO Á SEGUINTE ENTIDADE DA LISTA DE AGARDA E ACTUALIZACIÓN DO LISTADO DE OBRADOIROS ADXUDICADOS E DO LISTADO DE AGARDA DO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” PARA O ANO 2025. (EXPTE. 2024068603).

- ANTECEDENTES:

1º.- No capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.



2º.- Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

3º.- Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como o marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

4º.- Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “PROVINCIA ACTIVA” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e as situación de soidade non desexadas.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 13 de decembro de 2024, aprobou as Bases reguladoras do programa “Provincia activa” 2025 que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 246 de 19 de decembro de 2024. O prazo de solicitudes de participación no programa abarcou do 20 de decembro de 2024 ao 20 de xaneiro de 2025.

En Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 21 de marzo de 2025, número 25.33717, aprobouse a relación definitiva das entidades presentadas, das entidades excluídas, das entidades admitidas con obradoiro adxudicado e das entidades admitidas en lista de agarda do Programa “PROVINCIA ACTIVA 2025”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 130, así como a relación de entidades en lista de agarda un total de 146.

O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 56 e na páxina web o martes, 24 de marzo de 2025. Os Anexos de obradoiros adxudicados e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: JBH3GHZFMLNGWV3P e LY4N42IFKDB49XJH, respectivamente.

5º.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 5 de setembro de 2025 adoptou o acordo de aceptación da renuncia presentada por tres entidades con obradoiro adxudicado e a adxudicación de obradoiro ás primeiras entidades da lista de agarda. Así mesmo, acordou a actualización do listado de entidades con obradoiro adxudicado e en lista de agarda (CSV: QC9ET1TGQHBP8BV e RTML6WOJH8BDU9US)



6º.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 19 de setembro de 2025 adoptou o acordo de aceptación da renuncia presentada por una entidade con obradoiro adxudicado e a adxudicación de obradoiro á primeira entidade da lista de agarda. Así mesmo, acordou a actualización do listado de entidades con obradoiro adxudicado e en lista de agarda (CSV: ERDKMM3ODO9MS8KZ e CO6J6REPOWN803OT).

7º.- Con data 15 de outubro de 2025, nº de rexistro WEB2025000260 a ASOC. CULTURAL MULLERES RURAIS SAN XURXO DE VEA, con NIF G36335073 (expediente 2025000324) adxudicataria do programa, presenta a través de instancia xenérica a renuncia ao obradoiro adxudicado.

8º.- En consecuencia, presentada a renuncia da asociación citada no punto 6º, permitiría a existencia de crédito suficiente para adxudicar un novo obradoiro á seguinte entidade da lista de agarda que é a seguinte:

- ASOCIACION DE VECIÑOS DE MONEIXAS, con NIF G94095890 e con número de expediente 2025000502.

9º.- Con data 17 de outubro de 2025, Intervención emite dilixencia de fiscalización e conformidade (CSV: UEW4LGC8WGU74UK5), respecto da proposta de aceptación da renuncia, da adxudicación á primeira entidade da lista de agarda e da actualización da lista de entidades con obradoiro adxudicado e da lista de agarda.

- **NORMATIVA APLICABLE:**
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
 - Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común
 - Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
 - Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2025
 - Bases do programa Provincia Activa 2025
- **PROPOSTA DE ACORDO**

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptación da renuncia presentada pola entidade:
 - o ASOCIACION CULTURAL MULLERES RURAIS SAN XURXO DE VEA, con NIF G94095890.
- Adxudicación dun obradoiro a seguinte entidade da lista de agarda:
 - o ASOCIACION DE VECIÑOS DE MONEIXAS, con NIF G94095890.
- Actualización do listado de 130 entidades adxudicatarias (CSV: ZFLP6LW4LOXIUOXD).
- Actualización do listado de agarda de 141 entidades (CSV: ZQHHUNNYZQJX5WLJ).



17.35736.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024) DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE SECA, SIERRA Y CAMPOLIMPO, DO CONCELLO DE PONTEAREAS. (EXPTE 2024014508).

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de data 21/10/2025 con CSV: Y3D8JQ81BV75D3L3, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do Xefe do servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 28/10/2025 con CSV: VT1YI65MAEXJHC4M, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aceptar a renuncia da comunidade de usuarios de Seca, Sierra y Campolimpo, do concello de Pontearreas, con CIF V36524114, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA 2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

18.35737.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CASTRO E LADEIRA, DO CONCELLO DE BAIONA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (EXPTE 2024012758).

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de data 09/10/2025 con CSV: 0PK4797QTMAEWLDM, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o antedito informe do Xefe do servizo de Cooperación e a dilixencia de conformidade á renuncia da Intervención provincial de data 17/10/2025 con CSV: 9X4LVAY0RDXK5HT2, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aceptar a renuncia da Asociación de veciños Castro e Ladeira, do concello de Baiona, con CIF G36768984, á subvención concedida por importe de 9.978,21 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do Programa de Acción Comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024).



A aprobación da renuncia suporá para a Asociación de veciños a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.978,21 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

19.35738.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE LAGARTÓNS, DO CONCELLO DA ESTRADA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (EXPTE 2024013880).

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de data 01/10/2025 con CSV: PFNV8CN6P5JERRSW, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o antedito informe do Xefe do servizo de Cooperación e a dilixencia de conformidade á renuncia da Intervención provincial de data 20/10/2025 con CSV: FWRGTIRPUK8Q5LU0, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aceptar a renuncia da Asociación de mulleres rurais de Lagartóns, do concello da Estrada, con CIF G36362598, á subvención concedida por importe de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do Programa de Acción Comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024).

A aprobación da renuncia suporá para a Asociación a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

20.35739.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

21.35740.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

22.35741.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

